

## FONDO ANTONIO I. PAZ VALVERDE

### 1 ÁREA DE IDENTIFICACIÓN:

- 1.1 **Código de referencia:** AMI (Arquivo Municipal da Imaxe) Concello do Porriño
- 1.2 **Título:** Fondo Antonio I. Paz Valverde
- 1.3 **Datas:** 1959-2010
- 1.4 **Nivel de descrición:** Fondo
- 1.5 **Volume e soporte da unidade de descrición:** 134 partituras e outro tipo de documentos textuais, sonoros e audiovisuais. Son reproducións en soporte dixital (CD-ROM e DVD) de orixinais en papel.

### 2 ÁREA DE CONTEXTO:

- 2.1 **Nome do produtor:** O fondo foi producido por Antonio I. Paz Valverde na súa actividade como músico, compositor e director da Coral Polifónica do CRC.
- 2.2 **Historia institucional/ Recensión biográfica:** Antonio I. Paz Valverde (O Porriño, 1937). Compaxinou o seu traballo no estanco familiar coa súa adicación á música como instrumentista, compositor, arranxista e director de masa coral. En 1959 participa na fundación da Coral Polifónica do CRC, da que será o seu único director ata a súa desaparición cara finais da década dos anos oitenta do pasado século. En 1969 gravan tres discos microsurdos titulados *Canzón Galega*, converténdose nunha das primeiras formacións que gravan un disco na comarca. Nos anos 70 complementa o coro de adultos coa creación do Coro Infantil Porriñés, que tamén dirixe persoalmente. No ano 2004 refunda a antiga Coral, pero esta vez baixo o nome de Orfeón Porriñés, e de novo baixo as ordes da súa batuta. Considerado unha das figuras clave do coralismo galego do s. XX, algunhas das súas obras foron e son interpretadas por corais de todo o mundo, e rexistradas en gravacións de moitos intérpretes de diversos estilos musicais. As obras con maior repercusión son as que se corresponden coa chamada *Canzón Galega*, entre as que destacan *O neno dormía*, *Si eu souper*, *Non cho direi (Adeus)*, a *Misa Galega* ou a súa versión do *Himno Galego*.
- 2.3 **Historia arquivística:** A localización do fondo foi no domicilio actual do autor, aínda que sufriu un traslado nun cambio anterior de domicilio. Parte destes documentos estiveron moito tempo tamén nas instalacións do CRC o que fixo que algunhas destas obras se perderan por non conservar copia o autor.
- 2.4 **Forma de ingreso:** O fondo procede do préstamo para reprodución realizado polo propio Antonio I. Paz Valverde, que foi proporcionando paulatinamente os documentos para a súa dixitalización entre os meses de xuño e novembro do ano 2009. Con anterioridade, no ano 2004 viña de realizar un préstamo de fotografías do seu fondo familiar con moitas imaxes correspondentes á Coral Polifónica. As reproducións destas imaxes incorporáronse no seu día ao Fondo Xeral do Arquivo. En novembro do ano 2009 a totalidade dos documentos son dixitalizados, e incorporados aos fondos do Arquivo Municipal da Imaxe.

### 3 ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA:

- 3.1 **Alcance e contido:** O groso do fondo está formado por reproducións dixitais de 134 partituras (algunhas manuscritas) de obras e arranxos de Paz Valverde. Entre as partituras topamos obras para coro en todas as súas posibilidades (1 voz, 2 voces, 3 voces, 4 voces, 5 voces, 4 voces e solistas, voces brancas, coro e piano, coro e órgano, etc... ) pero tamén topamos composicións de piano só ou de órgano, ou de 1 voz e órgano e 1 voz e piano. Comprenden xéneros tan diversos como polifonía clásica dos s. XV e XVI, clásicos universais, cantos espirituais negros, música sacra (misas e motetes), canción galega, zarzuela, operetas, coros de óperas, etc. Tamén conforman o fondo 12 cartas extraídas da súa correspondencia con autores de poemas que musicou, con directores doutros coros, ...etc; 1 carné de socio da *Sociedad General de Autores*; 1 carné de socio fundador do *Círculo Recreativo Cultural do Porriño*, 1 gravación sonora en soporte CD-ROM de 14 temas de Paz Valverde en son MIDI; 1 gravación audiovisual en soporte DVD do concerto “9 Canciones de A. Paz Valverde” interpretadas pola soprano M<sup>a</sup> Teresa Novoa e polo pianista Alejo Amoedo Portela no Porriño en 1998; 1 gravación do concerto do *Orfeón Porriñés “Música entre Amigos”* interpretando a opereta *Katiuska* de Pablo Sorozábal no *Círculo Recreativo Cultural* no ano 2008; 1 DVD cunha compilación de imaxes relacionadas coa *Coral Polifónica do CRC* nos anos comprendidos entre 1962 e 1988, provinte de gravacións orixinais en formato súper 8 sen son orixinal, súper 8 con son directo e VHS; e 1 DVD cunha compilación de imaxes pertencentes ao *Coro Infantil Porriñés*, provinte de gravacións orixinais en formato súper 8 sen son orixinal.
- 3.2 **Valoración, selección e eliminación:** Non se levou a cabo ningunha operación sistemática de avaliación e expurgo.
- 3.3 **Novos ingresos:** Existe a posibilidade de que se poida realizar algún ingreso adicional ao fondo no futuro.
- 3.4 **Organización:** Ao tratarse dun préstamo para reprodución o tratamento do conxunto centrouse na dixitalización do fondo que se realizou no ano 2009. A catalogación do fondo, realizada ese mesmo ano, consistiu na descrición, clasificación, identificación de autores e datación (nos casos que foi posible).

### 4 ÁREA DE CONDICIÓN DE ACCESO E USO:

- 4.1 **Condicións de acceso:** O seu acceso é libre.
- 4.2 **Condicións de reprodución:** No caso deste fondo son os autores os que posúen todos os dereitos de explotación da obra, tanto Antonio I. Paz Valverde como os autores dos textos que forman parte das composicións.
- 4.3 **Lingua/ escritura dos documentos:** O fondo está formado por documentos de música manuscrita e música impresa, documentos textuais, e documentos audiovisuais.
- 4.4 **Características físicas e requisitos técnicos:** Boa parte dos documentos proporcionados eran xa copias de orixinais que non foron conservados polo autor, polo que a calidade dos documentos dos que partimos para as dixitalizacións non era moi boa. Outras partituras estaban editadas en formato ENCORE, pero só se nos facilitaron as copias en papel. Os documentos en papel foron dixitalizados a tamaño natural a 600 ppp de resolución, e almacenados en formato TIFF as copias máster, e en JPG e

PDF unhas segundas e terceiras copias de menor tamaño. Dos documentos audiovisuais temos copia en soporte DVD.

- 4.5 **Instrumentos de descrición:** Existe un instrumento de descrición a nivel de catálogo elaborado por Xosé Ramón Paz Antón e Fátima Rodríguez Sío.

## 5 ÁREA DE DOCUMENTACIÓN RELACIONADA:

- 5.1 **Existencia e localización dos documentos orixinais:** Os orixinais permanecen no domicilio do produtor. De todos modos, da maior parte das partituras, o autor so conserva as copias que nos facilitou para a dixitalización, pois xa non conserva os orixinais manuscritos.
- 5.2 **Existencia e localización das copias:** O que conserva o Arquivo Municipal da Imaxe son copias dixitalizadas en alta resolución dos documentos orixinais en papel. Ademais existen unhas copias dixitais de menor resolución para facilitar a consulta.
- 5.3 **Unidades de descrición relacionadas:** No Arquivo Municipal da Imaxe do Concello do Porriño existen como unidades relacionadas con este fondo, fotografías da Coral Polifónica que foron proporcionando moitos dos seu compoñentes. Existe tamén unha interesante colección de programas de man das actuacións de esta formación desde os seus inicios ata os anos 80 do s. XX, que proporcionan unha interesante información sobre o repertorio e a vida activa de este coro. Por último, existe unha serie de documentos escritos como actas e correspondencia da *Comisión Xestora da Coral Polifónica do CRC*, que se creou nos anos 80 do s. XX para dinamizar o coro e axudar nas tarefas de xestión.
- 5.4 **Nota de publicacións:** A data 17 de febreiro de 2010 non existen publicacións relativas a este fondo

## 6 ÁREA DE NOTAS:

- 6.1 **Notas:** Parte de este fondo formou parte da exposición "**A Historia da Coral Polifónica do CRC**" organizada polo Arquivo Municipal da Imaxe do Concello do Porriño e do documental "**1959-2009. A Pegada das Voces**" que formou parte desta mostra. A mostra puido contemplarse no Círculo Recreativo Cultural do Porriño nas datas comprendidas entre o 27 de novembro de 2009 e o 30 de xaneiro de 2010.

## 7 ÁREA DE CONTROL DA DESCRICIÓN:

- 7.1 **Nota do arquivista:** Descrición realizada por Fátima Rodríguez Sío.
- 7.2 **Regulamentos ou normas:** A descrición baséase directamente nas directrices da Norma ISAD (G)
- 7.3 **Data da descrición:** Elaborada en 2010.